

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA PARA O PROGRAMA GALICIA ABRIGA 2024. (APROBACIÓN CONVENIO)

EXPEDIENTE: 15635/2024

ANTECEDENTES:

Con data 10.05.2024 (R.E. 13482/2024), Rubén Campo Gil, con DNI 76990017R, en representación da entidade Solidariedade Internacional Galicia, con CIF G36833648, presentou unha solicitude dunha achega nominativa de 2.000€ para que o Concello de Ames colabore coa entidade Solidariedade Internacional de Galicia nun programa pioneiro en Galicia, consistente na acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos (Galicia Abriga).

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO. Acreditación de que o beneficiario reúne todas as condicións establecidas para poder obter a subvención proposta.

Da documentación achegada derívase o cumprimento por parte da entidade dos requisitos establecidos para acceder á condición de beneficiario dunha achega pública, nos termos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consta no expediente certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

SEGUNDO. Competencia do Concello sobre a materia.

1. O Concello de Ames, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollemento, xustifica e considera conveniente a concesión dunha subvención nominativa.

As Administracións públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias; apoio que se traduce, no caso concreto, na concesión dunha subvención que faga posible o desprazamento destas mulleres a nosa comunidade e ao noso concello.

2. Non hai no ámbito estatal ningunha lei que expresamente outorgue a todas as Entidades Locais competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento. E resulta preciso acudir á normativa sectorial:

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece no seu artigo 98 que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidades diferenciadas, como a protección de dereitos sociais básicos, os servizos sociais, o urbanismo e a ordenación do territorio, a xestión pública dos recursos hídricos, a xestión medioambiental, a igualdade de xénero, a educación para a cidadanía global ou calquera outra no marco das

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CCCCF5BE6E3410D4686

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

súas competencias.

Dende a entrada en vigor desta nova normativa galega en materia de cooperación para o desenvolvemento, resulta clara e expresa a atribución de competencia das entidades locais galegas en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias aos concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

TERCEIRO. Motivos de interese público que xustifican o outorgamento da achega.

A entidade Solidariedade Internacional de Galicia é unha organización que leva dende a súa creación en 1996 promovendo actividades nos ámbitos da cooperación internacional, a educación para o desenvolvemento e para a cidadanía global e o comercio xusto. No Plan Estratéxico de Solidariedade Internacional de Galicia 2022-2027 establécese coma un dos seus ámbitos estratéxicos da área da cooperación internacional a protección integral para defensores e defensoras de dereitos humanos, con especial atención ás mulleres, así como a promoción da reflexión, a formación e a incidencia en relación ás súas realidades. Esta organización conta cunha longa experiencia no ámbito da cooperación internacional ao desenvolvemento.

Acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a concesión desta subvención, en tanto que vai ser destinada a cofinanciar os gastos derivados do acollimento de mulleres defensoras de dereitos humanos que pertencen a organizacións e movementos sociais de países nos que a Cooperación Galega ten presenza, contribuíndo a que saian do contexto de risco no que se atopan pola labor que realizan, fortalecendo as súas capacidades e mellorando o seu benestar (programa Galicia Abriga).

Á súa vez, tamén se crearán espazos nos que se difunda a axenda de defensa de dereitos das súas comunidades, organizacións ou movementos sociais, así como de denuncia das violacións de dereitos humanos das que foi obxecto e de aproximación ao contexto do país.

Durante a estancia en Galicia que será aproximadamente de tres meses, entre maio e agosto de 2024, preténdese:

- Brindar acollida e acompañamento psicosocial que permita reducir a inseguridade e violencia que enfrontan quen defende dereitos humanos e mellorar o seu benestar para que poidan seguir realizando a súa labor de defensa dos dereitos humanos.
- Realizar incidencia política que sirva de protección e alerta ao tecido asociativo ao que pertence a persoa acollida.
- Sensibilizar, visibilizar e denunciar ante a cidadanía e institucións públicas e educativas o labor das persoas defensoras, a situación de vulnerabilidade de dereitos humanos e ameaza que sofren as comunidades, organizacións e movementos sociais que traballan en defensa dos dereitos humanos, así como as súas reivindicacións na materia.

- Ampliar e fortalecer as redes internacionais de apoio institucional e político destas persoas e das súas comunidades, organizacións e movementos sociais.

- Apoiar ás comunidades, organizacións e movementos sociais de orixe da defensora.

- Promover a formación e o intercambio de coñecementos e experiencias de e coas persoas defensoras de dereitos humanos acollidas no programa.

Este programa está liderado por Solidariedade Internacional de Galicia e co apoio da rede de apoio formada por 15 organizacións galegas e universidades.

De acordo coas bases de execución do Orzamento entenderase por subvención nominativa aquela que por razóns excepcionais de interese público se outorgue expresamente a unha Entidade pública ou privada para a realización dunha actividade ou un investimento concreto, específico e determinado, de interese xeral ou utilidade pública, por non resultar posible ou conveniente a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, por razóns de interese público.

CUARTO. Razóns polas que non resulta posible ou conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, servizos sociais de Galicia, atribúe competencias aos concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia Lei 13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

A subvención que se instrumenta mediante este convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos artigos 22.2 e 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e, a máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a concesión desta subvención, en tanto que vai ser destinada a cofinanciar os gastos derivados do acollemento de mulleres defensoras de dereitos humanos que desenvolve a entidade Solidariedade Internacional de Galicia, denominado programa "Galicia Abriga".

APLICACIÓN OR- ZAMENTARIA		BENEFICIARIO		OBXECTO	IMPORTE
		CIF	Nome ou razón social		
2311	48929	G36833648	Solidariedade Inter- nacional de Galicia	Programa "Galicia Abriga" de acollemento a mulleres mulleres defensoras de dereitos humanos	2.000€



QUINTO.- Acreditación da realización da actividade.

Para a xustificación da subvención, a entidade beneficiaria deberá achegar, con data límite do 30 de novembro de 2024, a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos, xunto coa seguinte documentación integrante da conta xustificativa simplificada:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Ames. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (R.D. 1619/2012, do 30 de novembro). Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).
3. Declaración responsable acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
1. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia.
2. No seu caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, xunto cos xuros derivados dos mesmos.

SEXTO.- Consta que a entidade beneficiaria conta con outras achegas públicas para o financiamento deste gasto.

A subvención ten cabida no Plan Estratéxico de Subvencións dentro da liña de servizos sociais que xa conta con outras axudas en materia de cooperación internacional.

SÉTIMO.- Consta no expediente informes favorables da secretaría e da interevnción municipal do 06.11.2024.

Por todo o exposto proponse en uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 2.000,00€ á entidade Solidariedade Internacional de Galicia, con CIF G36833648, para o financiamento do Programa Galicia Abriga 2024.

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2C2CCCF5BBE6E3410D4686

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA





Segundo.- Aprobar o convenio a subscribir coa entidade Solidariedade Internacional de Galicia, con CIF G36833648, que consta como anexo I.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 2.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2311.48929 do orzamento municipal en vigor.

Cuarto.- Notificar este acordo á entidade beneficiaria.

Quinto.- Dar traslado aos servizos económicos aos efectos oportunos.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CCCF5BBE6E3410D4686



pertence a persoa acollida.

3. Sensibilizar, visibilizar e denunciar ante a cidadanía e institucións públicas e educativas o labor das persoas defensoras, a situación de vulnerabilidade de dereitos humanos e ameaza que sofren as comunidades, organizacións e movementos sociais que traballan en defensa dos dereitos humanos, así como as súas reivindicacións na materia.

4. Ampliar e fortalecer as redes internacionais de apoio institucional e político destas persoas e das súas comunidades, organizacións e movementos sociais.

5. Apoiar ás comunidades, organizacións e movementos sociais de orixe da defensora.

6. Promover a formación e o intercambio de coñecementos e experiencias de e coas persoas defensoras de dereitos humanos acollidas no programa.

Este programa está liderado por Solidariedade Internacional de Galicia e conta cunha rede de apoio formada por 15 organizacións galegas e universidades.

III – O Concello de Ames, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista. As Administracións públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias; apoio que se traduce, no caso concreto, na concesión dunha subvención que faga posible o desprazamento destes nenos e nenas ata o noso concello.

IV – A normativa de réxime local (art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril LRRL a Art. 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (art.25.2.e e 26.1.c da LRRL, na redacción dada pola lei 27/2013, do 27 de decembro LRSAL).

A teor da reforma introducida pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de “prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social” residenciase agora na Administración Autonómica.

Non obstante, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da 27/2013 (DOG nº 102, do 30/5/2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3).

V – A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que corresponde aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local así como a promoción e coordinación dos servizos sociais (art. 60).

A mesma Lei indica que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2C0CCF5B6E6E3410D4686



axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei (art. 2.3).

O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais (art.31.1).

No seu art. 31.2 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e humanitario que para o Concello de Ames representa a actividade da acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos, as partes intervinientes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade concreta da subvención.

Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Ames a favor de Solidariedade Internacional de Galicia para o Programa Galicia Abriga, consistente na acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos.

SEGUNDA.- Normativa reguladora.

A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as bases de execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

TERCEIRA.- Obrigacións do Concello.

O Concello de Ames comprométese a aboar a Solidariedade Internacional de Galicia a cantidade de 2.000,00 euros para a execución da actividade subvencionada con cargo a aplicación orzamentaria 2311.48929 do Orzamento Xeral aprobado para o actual exercicio 2024.





CUARTA.- Financiamento da actividade.

A actividade será financiada en parte coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co art. 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (en diante, RLXS), enténdese que o orzamento do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Esta subvención será **compatible** con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que poida establecer a normativa reguladora aplicable.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Ames a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no art. 34 do RD 887/2006 do 21 de xullo.

QUINTA.- Obrigacións da entidade beneficiaria.

Para estes efectos, Solidariedade Internacional de Galicia comprométese:

1. A destinar os fondos que lle outorgue o Concello á finalidade prevista, que se desenvolverá no exercicio ao que se refire este convenio, a presentar a documentación xustificativa nos termos establecidos neste convenio.
2. A comunicar por escrito e de forma motivada, calquera modificación dos datos que identifican o proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos previstos, para a súa aprobación.
3. A comunicarse co Concello exclusivamente a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPACAP), e remitir canta documentación destine ao Concello ou ben a través do seu rexistro electrónico sito na sede electrónica da devandita administración ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4.a) da LPACAP.
4. A comunicarlle ao Concello, nun prazo máximo dun mes desde que tivese



- coñecemento da concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, que procedan de calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, que financien ditas actividades. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.
5. A dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
 6. A conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
 7. A reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
 8. Ao cumprimento estrito das disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de salarios mínimos por categorías profesionais, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral, etc. O persoal que se vaia a empregar para a realización da finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este Concello. O Concello estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta obrigaón.
 9. A ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, facenda ou outras, resulten necesarias para o desenvolvemento da actividade.
 10. A someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da Memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.
 11. A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación.

SEXTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención e leven a cabo durante a vixencia do convenio (entre o 01 de xaneiro e o 31 de outubro do ano en curso), incluíndo os efectuados antes da sinatura do convenio que se describen detalladamente na documentación presentada coa solicitude da axuda.

En todo caso, deberá acreditarse fidedignamente no xustificante de gasto que está directamente relacionado coa actividade e que está efectivamente pagado antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido neste convenio.

En consecuencia, unicamente se admitirán xustificantes de gastos realizados entre o 01 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2024. Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

En ningún caso o custo de adquisición dos conceptos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

SÉTIMA.- Aboamento da subvención.

O réxime de **pagamentos** acordado é o seguinte:



Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7.e da lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Non poderá pagarse a subvención en tanto a entidade non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello e coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Ames solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, e o propio Concello de Ames, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a entidade solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións de cumprimento.

OITAVA. Xustificación da subvención.

A entidade beneficiaria deberá achegar, con data límite do 30 de novembro de 2024, a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos, xunto coa seguinte documentación integrante da conta xustificativa simplificada:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Ames. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (R.D. 1619/2012, do 30 de novembro). Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).
3. Declaración responsable acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
4. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia.
5. No seu caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, xunto cos xuros derivados dos mesmos.

O gasto xustificárase preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os xustificantes de valor equivalente deberán reunir os requisi-

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2C2CCC5F5B6E6E3410D4686

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA





tos que establece o artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación.

No caso de facturas emitidas por persoas físicas en concepto de servizos profesionais, a Asociación estará obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a Lei e o Regulamento do imposto, debéndose acreditar cos modelos 111 e 190 da AEAT e os correspondentes xustificantes de pago.

A acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.

Os pagos en efectivo serán a excepción. Admitiranse pagos individualizados en efectivo por importes de ata 150 euros. No caso de que o pago estea fraccionado en varios pagos, o límite de 150 euros entenderase para o conxunto dos devanditos pagos fraccionados.

Para xustificar os pagos en efectivo deberá achegarse un recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura que lle corresponde, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto conste que recibiu o importe e a data en que o recibiu, quedando así acreditada a conformidade da persoa contratista ou provedora.

En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores a 150 euros, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación dos gastos, debendo acompañarse á factura o xustificante de pago bancario (extracto bancario, cargo ou movemento bancario). Se o pago se realizase mediante talón ou cheque deberá achegarse copia do mesmo, ademais do extracto do movemento bancario, que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

Todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio aconséllase que se realicen desde unha única conta bancaria, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a propia entidade.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a entidade quedará obrigada a facilitar tanta información lle requira o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para o control de contas.

A beneficiaria deberá **facilitar toda a información que** lle sexa requirida pola Concellaría de Benestar Social e pola Intervención Xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

NOVENA.- Comprobación da axeitada xustificación da subvención.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Benestar Social, Igualdade e Voluntariado.

O responsable técnico do Programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA





casos do artigo 33 da lei 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción.

En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA. Publicidade das subvencións.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello de Ames.

Por ese motivo, a entidade beneficiaria da subvención queda suxeita así mesmo a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello de Ames cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á **Base de Datos Nacional de Subvencións**, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao **Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia**.

Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de **actividade publicitaria ou de difusión** do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ao financiamento municipal, previa conformidade da Concellaría de Benestar Social.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024. En todo caso, a realización do obxecto da subvención efectuarase desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de outubro de 2024, sempre e cando se continúe co obxecto do convenio e exista consignación orzamentaria no orzamento de gastos aprobado polo Concello de Ames para o exercicio 2024

DÉCIMO TERCEIRA.- Infraccións e sancións.

Polo que respecta ás **infraccións e sancións** en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ao procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (lei 40/2015) e da LPACAP (Lei 39/2015) relativos ao exercicio da potestade sancionadora.



DÉCIMO CUARTA. Causas de resolución do convenio.

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente convenio extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer algunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo segunda.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá requirir á parte incumpridora para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

DÉCIMO QUINTA.- Comisión de seguimento, vixilancia e control.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do convenio que estará composta por dous representantes designados pola entidade Solidariedade Internacional de Galicia, dous representantes designados polo Concello e presidida pola concelleira de benestar social, igualdade e voluntariado.

A comisión constituirase no prazo dun mes desde a súa entrada en vigor e quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos membros de cada unha das partes. Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.

A comisión reunirse cando así o solicite a maioría dunha das partes podendo celebrarse por medios electrónicos conforme aos art. 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos.

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos

sociais de Galicia e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Respecto dos datos persoais sobre os que o Concello de Ames ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como exercer outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPd) mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

En canto aos datos persoais sobre os que Solidariedade Internacional de Galicia, ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPd a través dun correo electrónico dirixido a direccion@solidaridadgalicia.org

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2) Tratamento de datos persoais no marco das actuacións de verificación previstas no Convenio

A base lexitimadora para o tratamento dos datos persoais que poidan ser facilitados para o adecuado seguimento do Convenio e a xustificación dos correspondentes gastos relativos ás actuacións que constitúen o obxecto do convenio, será o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e o cumprimento dunha obrigación legal, fundamentadas ambas no disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

As entidades beneficiarias obríganse a informar ás persoas interesadas, e previamente á facilitar os seus datos ao Concello, do tratamento dos seus datos persoais conforme ao establecido polo RXPd e a LOPDGDD.

3) Deber de confidencialidade.

Solidariedade Internacional de Galicia deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para o desenvolvemento do presente Convenio. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da execución do convenio e para as finalidades previstas neste;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore no desenvolvemento do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o



desenvolvemento do devandito acordo, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;

- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que Solidariedade Internacional de Galicia acceda en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo de 5 anos desde o coñecemento desa información.

DÉCIMO SÉTIMA.- Control financeiro

A subvención que se pretende formalizar queda sometida á comprobación que debe realizar o órgano interventor, de conformidade co previsto no artigo 213 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais e o establecido no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Os beneficiarios quedan, polo tanto, sometidos aos procedementos **de control ou auditoría** que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas normas que serviron de base á concesión da subvención e pola restante lexislación vixente na materia.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias ás que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Ambas as partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais do contencioso administrativo da Provincia da Coruña, co que a entidade Solidariedade Internacional de Galicia renuncia ao foro do seu propio xuíz e domicilio.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento en Ames, na data reflexada nas respectivas sinaturas electrónicas, de todo o que eu, como secretaria da administración municipal, dou fe.

José Blas García Piñeiro, alcalde

Rubén Campo Gil, presidente de
Solidariedade Internacional de Galicia

Rosa Ana Prada Queipo,
secretaria xeral do Concello de Ames

